

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 11 DE OUTUBRO DE 2018

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 10:05 horas do día 11 de outubro de 2018, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 9 de outubro, para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

- Presidenta:** D^a. María Jesús Lago Rey
- Vocais:** D^a. María Isabel Fernández Gabriel
D^a. Olga Gómez Corbal
D. José Riesgo Boluda
D^a. María José Loureiro Bada (asiste aos puntos 2b, 4 e 10a)
D. Rubén Peña Barceló (asiste aos puntos 8, 9 e 10b)
- Secretaria:** D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión pola Sra. presidenta procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

1.- Aprobación de actas

a) Acta do 4 de outubro de 2018

Retírase por falta de quórum.

2.- Apertura administrativa

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio" (83-441)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
1. CONSTRUCCIONES FECHI, S.L.
 2. ELSAMEX, S.A.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:01	Páxina 1 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE4E-CC3C31-42BD4E-VUR4DD-U731H9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.
4. NAROM, S.L.
5. CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.

b) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e na plataforma de licitación electrónica e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún/s dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre A "Documentación persoal". Tras a súa cualificación, a Mesa, por unanimidade dos membros asistentes a esta sesión, acorda:

- a) Admitir neste procedemento aos licitadores que deseguido se relacionan, por ter presentado correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:
 1. HIROMEGAL, S.L. (lote 4)
 2. MATERIALES DE CONSTRUCCIÓN FERNANDO ALONSO, S.L. (lotes 1, 2, 5, 6 e 7)
 3. GARCI VENTA, S.L. (lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7)
- b) Outorgar un prazo de tres días a ICOGA, S.L. (D^a. Josefa Álvarez Domínguez) (lote 5) e TRANSPORTES PABLO VAL, S.L. (lote 1) para que poidan emendar a documentación presentada segundo o esixido no prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Concretamente, deberán presentar o Documento Europeo Único de Contratación (DEUC) esixido na cláusula 8.2 do PCAP debidamente cumprimentado ("A *concorrenza destes requisitos [aptitude para contratar] será declarada polos licitadores mediante a presentación do Documento único europeo de contratación (DEUC). Este poderá obterse e cumprimentarse na páxina da Comisión Europea <https://ec.europa.eu/growth/tools-databases/espd/filter?lang=es>*").

3.- Apertura da documentación técnica

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de "Humanización da rúa Pazos, entre López Mora e Menéndez Pelaio" (83-441)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

A Mesa, por unanimidade dos membros presentes, acorda solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:01	Páxina 2 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE4E-CC3C31-42BD4E-VUR4DD-U731H9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4.- Apertura económica

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a dous licitadores para a emenda da documentación persoal.

8.- Entrega dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 8 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación. Na propia sesión entrégase informe corrixido de data 11 de outubro de 2018.

9.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adxudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333)

A Mesa acepta, por unanimidade, o informe asinado polo xefe do Servizo de Deportes o 11 de outubro de 2018 de valoración do sobre C "*proposición avaliable mediante fórmula*" coa proposta de clasificación.

10.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación do subministro de material e aluguer de maquinaria para as obras a realizar nos colexios de educación infantil e primaria polo persoal beneficiario do programa Vigo Emprega (21.790-332)

Retírase da orde do día porque a Mesa acordou no punto 2b conceder un prazo a dous licitadores para a emenda da documentación persoal.

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, proponse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:01	Páxina 3 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE4E-CC3C31-42BD4E-VUR4DD-U731H9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

"Primeiro.- Dar conta do acordo adoptado pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 18 de setembro de 2018, polo que non se admite neste procedemento a PABLO CASAL NÚÑEZ e SERVIPLUSTOTAL, S.L. por non ter cumprido os requisitos de presentación das proposicións esixidos na cláusula 14 do PCAP e non respectar o segredo das proposicións, ao ter presentado as súas ofertas sen encriptar a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos técnico docentes para o desenvolvemento das actividades físico deportivas do programa de "Ximnasia para persoas maiores" (17.091-333) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación total
1	A BILLARDA S.L.	87,40
2	MAREXADA LECER, DEPORTE E CULTURA, S.L.	74,70

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, A BILLARDA S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares".

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidenta declara finalizada a sesión ás 11:00 horas. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

A presidenta da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)

A secretaria da Mesa de Contratación
(sinatura dixital)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 03/05/2024 19:01	Páxina 4 de 4
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: A8AE4E-CC3C31-42BD4E-VUR4DD-U731H9-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		